

ACTA NÚMERO 7/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 6 de abril de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día seis de abril de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctal.:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 6/2017 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR E LEVADA A CABO O DIA 23.03.2017.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- SOLICITUDE DE LICENZA DE APERTURA PARA A 'CERVECERIA BRINCADEIRA'.-
- 4- SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-
- 5- DAR CONTA DA MEMORIA DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2016.-
- 6- DAR CONTA DA RESOLUCION DO 20 DE MARZO DE 2017.-
- 7- SUBVENCION PARA A CREACION, MELLORA E AMPLIACION DE PEQUENAS INFRAESTRUTURAS PARA PROXECTOS DE ENERXIAS RENOVABLES.-
- 8- APROBACION DE FACTURAS.-
- 9- APERTURA DE PLICAS DE RENOVACION ALUMEADO PUBLICO EN BRANDOÑAS E OUTROS.-
- 10- PRESUPOSTO PRESENTADO POLA EMPRESA OTIS PARA REPARACION DEFECTOS DO ASCENSOR DO CENTRO DE SAUDE.-
- 11- DENUNCIA URBANISTICA DE A.A.A. DE ABELEIRAS - CASTENDA.-
- 12- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 13- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 6/2017 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR E LEVADA A CABO O DIA 23.03.2017.-

Acordos adoptados:

Aprobar acta da sesión ordinaria celebrada con data 23.03.2017.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Pola Presidencia dase conta do escrito que dirixe a directora do C.P.I. Pecalama desta localidade, solicitando contribución económica para a excursión de alumnos do 4º da E.S.O., que realizarán dende o 6 de maio ao 13 de maio de 2017.

Acordos adoptados:

Para cuantificar a axuda económica deberán indicar o número de alumnos e destino da excursión, procedendo posteriormente a resolver por parte da Alcaldía.

3.- SOLICITUDE DE COMUNICACION PREVIA TRANSMISIÓN PARA A 'CERVECERIA BRINCADEIRA'.-

A

Primeiro.- Autorizar a transmisión da cita licenza a favor de XXXXXXXXXXXXXXXX, S.C., para desenvolver a actividade de café cantante no lugar de rúa Xesteira,- Pontepedra.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

Terceiro.- Notificar este acordo de transmisión ao adquirente.

4.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-

Acordos adoptados:

informar favorablemente as peticións e que se lle emitan as tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalidez, conforme a normativa vixente.

5.- DAR CONTA DA MEMORIA DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2016.-

Pola Presidencia dase conta da memoria que presenta a traballadora social sobre o servizo e programas realizados durante o exercicio do 2016, así como o traballo desenvolvido no punto de atención á infancia.

A Xunta de Goberno dase por informada.

6.- DAR CONTA DA RESOLUCION DO 20 DE MARZO DE 2017.-

Pola Presidencia dase conta da Resolución do 20 de marzo d 2017, da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se dá publicidade á relación de concellos beneficiarios das axudas convocadas o abeiro da Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións a concello de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, concedéndolle ao Concello de Tordoia una axuda por importe de 2.206,81 euros.

A Xunta dase por informada.

7.- SUBVENCION PARA A CREACION, MELLORA E AMPLIACION DE PEQUENAS INFRAESTRUTURAS PARA PROXECTOS DE ENERXIAS RENOVABLES.-

Acordos adoptados:

Que se realice un estudio para a Casa Consistorial e outro para o Centro de Saúde, e solicitar una subvención para instalación de bomba de calor para cada un dos locais citados.

8.- APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Aprobación e pago, con cargo á partida orzamentaria 342.213.00 da factura nº 21-17, emitida por Rofaya, S.L, por importe de 3.539,79.-€, para cambio de torreta de sitio no campo de fútbol de Gorgullos

9.- APERTURA DE PLICAS DE RENOVACION ALUMEADO PUBLICO EN BRANDOÑAS E OUTROS.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Notificarlle a empresa Terca, instalaciones, S.L.U. que na documentación presentada non figura o sobre B: "Referencias técnicas", e darlle un prazo de 24 horas a partir da súa notificación para que aporte o sobre que debería conter os documentos ou alegue o que estime oportuno.

Segundo.- Transcurrido o prazo sinalado no apartado anterior, dar consta ao órgano de contratación para que resolva.

Terceiro.- Solicitar de Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada dos servizos técnicos municipais para que emita informe de valoración de ofertas admitidas conforme aos criterios de adjudicación segundo figuran no pregos de cláusulas administrativas.

Emitido o citado informe dese conta ao órgano de contratación para que realice a clasificación de adjudicación segundo a puntuación obtida, co fin de convidar a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican no anexo V.II do prego de cláusulas administrativas (criterios de negociación).

10.- PRESUPOSTO PRESENTADO POLA EMPRESA OTIS PARA REPARACION DEFECTOS DO ASCENSOR DO CENTRO DE SAUDE.-

Acordos adoptados:

Aprobar o orzamento que presenta Zardoya Otis, S.A., empresa que realiza o mantemento do mencionado ascensor, por importe de 2.143.-euros máis IVA, tendo en conta as caracencias de carácter graves coas que conta o aparato elevador, e comunicarllo á empresa para que proceda a subsanación de deficiencias.

11.- DENUNCIA URBANISTICA DE A.A.A. ABELEIRAS - CASTENDA.-

Acordos adoptados:

Proceder a iniciar expediente de investigación de titularidade do mesmo, solicitando que polos servizos técnicos urbanísticos municipais se emita informe sobre o mesmo.

Igualmente, e en relación coa denuncia sobre a colocación de fosa séptica e que verte a cuneta, se emita informe sobre a legalidade cuestionada polo denunciante.

12.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

A Presidencia da conta do escrito que presenta o veciño de Pontepedra, don B.B.B., solicitando a revesión da ordenanza que regula a exención do IVTM a persoas de minusvalía, co fin de que os beneficiarios non teñan que renovar todos os anos a súa bonificación.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 14:00 horas